

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	SANTIAGO DE COMPOSTELA
Edificio	Catedral do Apóstolo Santiago
Dirección	
Localización	Torre das campás
Nome	San Luis (6)
Medidas (cm)	Diámetro (en cm) 147 Bordo 12 Altura do bronce 105 Peso aproximado (en quilogramos)1839 kg
Fundidor	
Ano de fundición	1675
Descrición	<p>Na parte superior di en latín e en español "SANTAMARIA ? SALOMEI ? ORAPRONOBIS ? SIENDOARCOBISPO ? ELSDONANDRESXIRON ? YFABRIQVEROELCANONYGO ? IOSEPH ? DEVEGA ? BERDVGO ? ANODEI67S ? " que hoxe escribiríamos en latín "SANCTA MARIA SALOME ORA PRO NOBIS" é dicir SANTA MARÍA SALOMÉ ROGA POR NÓS. O resto de inscrición sería actualmente SIENDO ARZOBISPO EL SEÑOR DON ANDRES GIRON Y FABRIQUERO EL CANONIGO JOSE DE VEGA BERDUGO. AÑO DE 1675. Andrés GIRÓN foi arcebispo de Santiago entre 1670 e 1681.</p> <p>Hai unha pequena cruz grega á dereita, que debería estar no interior da torre, e unha gran cruz con pedestal e tres clavos, rodeada doutras cruces menores á esquerda, que debería figurar ao exterior.</p> <p>Non se indica o nome do fundidor da campá.</p>
Fotos	91
Toques	Toques automáticos de festa e de defuntos
Conservación, mantemento	<p>Defectos de fundición nos ombreiros.</p> <p>A campá foi virada un cuarto de volta, sen que existan causas de desgastar que o motiven. Soporte moderno e barra antiga de reforzamento do cepo.</p> <p>Conserva o badalo, terminado en ollal, que foi cortado, pasado pola asa badaleira e volto a soldar; dese modo pega demasiado alto, con perigo de rotura da campá.</p> <p>O cepo e as asas da campá foron recubertos de fibra de vidro pintada de verde, seguramente para protexelo. A medio prazo destruírá de xeito irremediábel o conxunto de madeira e ferro.</p> <p>A campá ten diversos grafitos: letras maiúsculas, probablemente iniciais de campaneiros: "J L", " José A. / Puente / M J28-I-54." O día 28 de xaneiro de 1954 foi xoves. " Flor ", "RM". En 2014 o electromazo ten pintado o número 2. Está demasiado próximo á campá. O eixe do electromazo está saído do seu sitio.</p>
Protección	Protección xenérica ao atoparse nun BIC declarado. No entanto debería incoarse expediente para declárala Ben Moble de Interese Cultural.
Propostas	
Autores da documentación	LLOP i BAYO, Francesc
Data	02-07-2014

Folla completa da campá: [San Luis \(6\) Catedral do Apóstolo Santiago - SANTIAGO DE COMPOSTELA](#)

PDF (21-04-2025)